



Cuestionario Proust: Marta Dacosta, poeta

[Lecturafilia](#) 13 de xaneiro de 2022

<https://lecturafilia.com/2022/01/13/cuestionario-proust-marta-dacosta-poeta/>

Marta Dacosta é unha das poetas galegas máis recoñecidas na actualidade. Comezou a publicar en revistas como Congostra, Ólisbos ou A Peneira. O seu primeiro libro, *Crear o mar en Compostela*, mereceu o Premio de Poesía O Grelo e publicouse no ano 1994, ao que seguiron *Pel de ameixa*, *En atalaia aberta*, *As amantes de Hamlet*, *Cinza*, *Acuático alma*, *Argola*, [dun lago escuro](#), [Na casa da avoa](#), e *Notas sobre a extinción*.

Ten participado en revistas e publicacións colectivas, e colleitou diversos premios literarios. A súa poesía contén as principais inxerencias persoais e sociais e reivindica sempre a literatura dende o feminismo.

Coñecémola mellor neste Cuestionario Proust:

1. O principal trazo do teu carácter? **A espontaneidade.**
2. Que calidade aprecias máis nun home? **A intelixencia.**
3. E nunha muller? **A intelixencia.**
4. Que agardas das túas amizades? **Que me escoiten e que me corrixan con cariño.**
5. O teu principal defecto? **A espontaneidade.**
6. A túa ocupación favorita? **Ler.**
7. O teu ideal de felicidade? **Ter moito tempo para ler e pasear cos que quero.**
8. Cal sería a túa maior desgraza? **Perder os meus.**
9. Que che gustaría ser? **O que son.**
10. En que país desexarías vivir? **Nunha Galiza dona de seu, mais de momento váleme este.**
11. A túa cor favorita? **Verde.**
12. A flor que máis che gusta? **A rosa.**
13. Que paxaro prefires? **Garza.**
14. Os teus autores/as favoritos en prosa? **Castelao, quen puidese escribir coma el en *Cousas*.**

15. E poetas? **Bernardino Graña e Xoana Torres, á cabeza de moitos outros.**
16. Un heroe de ficción? **Jim Hawkins, o mozo protagonista da Illa do Tesouro.**
17. Una heroína? **Pippi Langstrum.**
18. O teu músico ou música favorito/a? **Uxía.**
19. O teu pintor ou pintora preferido/a? **Urbano Luguís.**
20. O teu heroe ou heroína na vida real? **A miña bisavoa Saladina e a súa sogra Rosa, decididas, traballadoras e comprometidas cos seus.**
21. O teu nome favorito? **Nomes de ampla sonoridade como o do meu fillo Aldán.**
22. Que hábito alleo non soportas? **A mentira.**
23. Que é o que máis detestas? **A hipocrisía.**
24. Unha figura histórica que che poña mal corpo? **Tres. O trío Hitler, Franco , Mussolini.**
25. Un feito histórico que admires? **O traballo realizado polas Irmandades da Fala.**
26. Que virtude desexarías posuír? **A paciencia.**
27. Como che gustaría morrer? **Rápido e durmindo.**
28. Cal é o estado máis común do teu ánimo? **Cambiante, aínda que procuro ser optimista.**
29. Que defectos che inspiran maior indulxencia? **A precipitación.**
30. Tes unha máxima ou lema de vida? **Poñerme na pel da outra ou do outro.**